

Milagros Fernández Pérez

- Catedrática de Lingüística
- Directora do Grupo de Estudos Interdisciplinares en Comunicación Koiné
- Universidade de Santiago de Compostela

A súa heroína infantil era Marie Curie, pero a **Milagros Fernández Pérez** (Albarellos de Monterrei-Ourense, 1956) as letras tamén lle tiraban e, ao final, acabou estudando Filoloxía Hispánica. Cando se licenciou en 1978 aquela curiosidade que de nena canalizara cara á física e á química xa estaba centrada na lingüística e na súa historia, un terreo no que se atreveu a criticar a través da tese a teoría xenerativa de Chomsky. Fíxoo dende a súa formación en filosofía da ciencia, un san exercicio que segue a practicar e que recomenda a todo investigador. Nos últimos anos abriu novos rumbos cara á gramática dos nenos que empezan a falar, cun corpus informatizado con utilidades logopédicas previsibles para avaliar transtornos neste proceso da adquisición lingüística. Toda a carreira desenvolveuna na USC, onde é catedrática de Lingüística dende 1998.

A lingüística adoita analizar a fala dos adultos. Moi poucas veces se achega á dos máis pequenos da casa, o ámbito de estudo dende hai máis de dez anos de Milagros Fernández Pérez. A profesora da Facultade de Filoloxía da USC comezou a interesarse por ela, confesa, cando naceu a súa filla Sofía. “Empecei a comprobar que había diferenzas na evolución da fala entre os nenos ao comparar a miña filla cos sobriños e outros cativos. Foi así como empezou a interesarme a fala infantil, que ten as súas etapas propias, os



seus xeitos de comunicación xenuínos: é, en definitiva, unha gramática en cernes”, explica.

Para estudala, Milagros mudou enfoques teóricos e métodos da lingüística tradicional. Esqueceu o canon da lingua establecido e remitiuse á práctica. Foi así como o seu grupo, o de Estudos Interdisciplinares en Comunicación Koiné, comezou a confeccionar un corpus da fala infantil a partir de situacións comunicativas naturais. Horas e horas de gravacións de máis de 70 nenos de Santiago e comarca (dos 22 meses aos 4 anos de idade), con interaccións verbais espontáneas e cun seguimento cada dúas ou tres semanas.

A experiencia confirma a tese de que os cativos teñen fala propia merecedora de estudo. “Ten os seus patróns, fai que se entendan entre eles e esforzánse por que os entendan. Por iso moitas veces cando non os comprendemos ata se enfandan, porque para eles as súas mensaxes teñen sentido”, engade. Pero o inte-

- Koiné gravou durante case que cinco anos os mesmos nenos para estudar a gramática infantil

- O material recollido servirá para facer un patrón preventivo de problemas na fala

- As relacións entre a fala dos cativos e a dos pacientes afásicos son un novo reto

- Na súa tese concluíu que Chomsky aplicou na gramática xenerativa un modelo que só vale para as ciencias físicas

rese do corpus vai máis alá do filolóxico. “O obxectivo primordial que nos levou a confeccionar este corpus foi ofrecerlles aos logopedas unha base de datos, unha galería de características que lles permita saber que corresponde a cada fase do neno e poder detectar ou prever o grao dun déficit comunicativo no período de adquisición da lingua”, apunta.

Os primeiros pasos nesta liña deunos arredor de 1995 e dende ese momento a Xunta e o Ministerio de Educación (MEC) financiaron os avances nun eido que dá máis de si do que os lingüistas máis teóricos poidan pensar e que é un exemplo evidente da lingüística aplicada dirixida a paliar problemas comunicativos dos falantes.

Para a súa consulta, os logopedas dispoñen dunha web (<http://chilides.psy.cmu.edu/data/Romance/Spanish/>) na que o corpus está transcrito nun sistema codificado, o CHILDES (deseñado polo equipo de Brian MacWhinney,



da Carnegie Mellon), que permite a busca segundo etiquetas diversas que previamente codificaron os datos. "Nestes momentos, temos os etiquetados máis básicos de fonética, de morfoloxía e no apartado de construcións específicas en idade infantil", di. Son guías que amosan, por exemplo, que é normal que un neno responda á pregunta de que cor é algo cun "de marrón"/"de verde"; que pronuncie "ti" en vez de "sí"; ou que comente "meu papá traballa nas vacas".

O corpus séguese a refinar, tratando de implementar un sistema informático máis sinxelo. Ao mesmo tempo, Koiné traballa coa Universidade de Valencia analizando os paralelismos entre a fala infantil e a dos afásicos, adultos que perden parte da linguaxe por mor dunha lesión neurolóxica. Un reto que, recalca Milagros, require rachar coas tradicionais parcelas académicas estancas e máis colaboración entre lingüistas, logopedas, psicólogos e mesmo neurólogos.

Antes de chegar á psicolingüística, a profesora traballou na lingüística teórica e na historia da lingüística, entendida esta como historia das ideas científicas sobre a linguaxe e non como a simple crónica de acontecementos e autores ás que moitas veces se reduce. Tanto foi así que na súa tese mesmo se atreveu a poñer en dúbida a gramática xenerativa de Noam Chomsky, a teoría da lingüística en plena actualidade nos 80.

Milagros era admiradora de Chomsky e mesmo se carteara con el mentres empezaba a investigar cunha tese de licenciatura que lle dirixiu o académico da RAE Guillermo Rojo. "Era moi amable. Preguntáballe cousas que

non tiña claras da súa teoría e respondía el mesmo. Ata me enviou unha fotografía dedicada!", sorri.

O mito, porén, duroulle pouco tempo e atreverse a desmontalo fai que aínda hoxe estea marcada nalgúns ámbitos académicos, asegura con sorna, se ben aquela ousadía mereceu o premio extraordinario de doutoramento en Filoloxía.

"A tese trataba de darlle á teoría xenerativa un fundamento con garantías baseado na filo-

sofía da ciencia, pero decateime de que detrás non había ningunha teoría científica con garantías. Chomsky aplicou un modelo que serve para as ciencias físicas, non para as ciencias humanas", salienta.

Para chegar a esa conclusión, a profesora afondara na filosofía da ciencia, que lle deu unha perspectiva de análise que marcou a súa vida profesional. "Sempre hai algunha pincelada dela. Hai que falar abertamente das bases e do fundamento do noso traballo, dos beneficios e da xustificación do método que escollimos. Non obstante, moitas veces os investigadores non confesamos ese percorrido", refliciona. Neste empeño, a profesora cambiou de correspondentes e mantivo contactos co Premio Príncipe de Asturias de 1983, Mario Bunge, de quen admira -di- a súa filosofía críble, ou con Esa Itkonen, outro nome de referencia na filosofía da ciencia.

Na súa carreira, Milagros Fernández publicou varios libros de especialidade, máis de medio cento de artigos en revistas de investigación da súa área e capítulos en libros, dirixiu sete teses e levou as rendas de seis proxectos financiados pola Xunta ou o MEC. A maioría foron xa no campo da adquisición da lingua, aínda que antes, entre 1991 e 1997, dirixiu a elaboración dun dicionario de lingüística.

No ámbito académico tamén foi secretaria da súa facultade, entre 1987 e 1991, e vicedecana, de 2000 a 2004. Forma parte ademais dos comités de varias revistas científicas.

"Sempre hai algo de filosofía da ciencia na miña traxectoria. Hai que falar abertamente das bases do noso traballo"